



Corrección erros da Resolución do 22 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (código de procedemento ED003A).

Advertido erros materiais na Resolución do 22 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (código de procedemento ED003A), publicada no portal educativo o 23 de novembro de 2023, é necesario realizar a seguinte corrección:

Onde di:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario (590), nas seguintes especialidades:

| CÓDIGO ESPECIALIDADE | DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE |
|----------------------|-------------------------------------|
| 590002 | Grego |
| 590003 | Latín |
| 590010 | Francés |
| 590107 | Informática |
| 590227 | Sistemas e aplicacións informáticas |

Debe dicir:

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario (590), nas seguintes especialidades:

| CÓDIGO ESPECIALIDADE | DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE |
|----------------------|-------------------------------------|
| 590002 | Grego |
| 590003 | Latín |
| 590010 | Francés |
| 590107 | Informática |
| 590221 | Procesos comerciais |
| 590227 | Sistemas e aplicacións informáticas |

Onde día

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír ou estar en condición de obter (xustificado coa certificación vixente do aboamento dos dereitos de expedición do título oficial



correspondente), na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Titulación oficial:

a) Posuír algunha das seguintes titulacións oficiais, requiridas para cada especialidade segundo o Anexo II e anexo III (relativo ás actuais especialidades integradas no corpo 590, Sistemas e aplicacións informáticas -anteriormente código 591227-) da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (Diario Oficial de Galicia núm.235 do 11 de decembro) modificada pola Orde de 2 de outubro de 2023 (DOG nº195, do 13 de outubro).

Debe dicir:

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír ou estar en condición de obter (xustificado coa certificación vixente do aboamento dos dereitos de expedición do título oficial correspondente), na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Titulación oficial:

a) Posuír algunha das seguintes titulacións oficiais, requiridas para cada especialidade segundo o Anexo II e anexo III (relativo ás actuais especialidades integradas no corpo 590, Procesos comerciais,- anteriormente código 591221- e Sistemas e aplicacións informáticas -anteriormente código 591227-) da Orde do 20 de novembro de 2019 pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas oficiais de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros docentes desta consellería (Diario Oficial de Galicia núm.235 do 11 de decembro) modificada pola Orde de 2 de outubro de 2023 (DOG nº195, do 13 de outubro).

